

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A ASOCIACIÓN GALEGA DE FAMILIAS NUMEROSAS PARA A REALIZACIÓN DE ACTUACIÓNS NA CONSECUCIÓN DE BENEFICIOS E VANTAXES DESTINADOS ÁS FAMILIAS NUMEROSAS GALEGAS, NO ANO 2026

MEMORIA XUSTIFICATIVA E ECONÓMICA

A consellería de Política Social e Igualdade a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, é o órgano superior da administración autonómica ao que lle corresponde exercer as políticas autonómicas en materia de acción social, de apoio á familia, á infancia e adolescencia, segundo o disposto na Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, na Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e a convivencia de Galicia e na Lei 4/2001, do 31 de maio, reguladora da mediación familiar.

A Asociación Galega de Familias Numerosas (NIF G15428600) é unha entidade de iniciativa social, sen ánimo de lucro, inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Consellería de Política Social e Igualdade co núm. E-3218, que ten entre as súas funcións a defensa das familias numerosas, colectivo comprendido no ámbito competencial desta Consellería.

Esta entidade conta entre os seus obxectivos a cooperación na defensa, mellora e perfeccionamento dos dereitos outorgados ás familias numerosas na lexislación vixente e o asesoramento e información aos asociados acerca dos seus dereitos e prestacións.

O obxecto do convenio é a concesión directa dunha subvención pública destinada ao financiamento pola Consellería de Política Social e Igualdade das actuacións desenvoltas pola Asociación Galega de Familias Numerosas consistentes na difusión dos beneficios e das vantaxes dos programas e medidas destinadas ás familias numerosas e do desenvolvemento de accións de captación de empresas e entidades en xeral que ofrezan vantaxes, como medidas de apoio e axudas ás ditas familias.

O carácter singular deste instrumento, sen convocatoria pública, xustifícase na exclusión da concorrência polo interese público que se persegue acadar segundo o artigo 19.4c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; tendo en conta que a Asociación Galega de Familias Numerosas traballa en prol deste colectivo considerado de especial consideración e necesitado dun trato máis favorable de acordo coa Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia



e á convivencia de Galicia. Ademais é a única entidade de natureza asociativa de familias numerosas que existe a nivel autonómico e, polo tanto, a única que ten como obxectivo protexer e favorecer ás familias numerosas, o que fai que non sexa posible promover a concorrência pública de cara á concesión dunha subvención para tal fin.

As administracións públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras entidades públicas así como con persoas xurídicas suxeitas ao dereito privado ao abeiro do disposto no artigo 6.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e máis no Acordo do Consello da Xunta do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público por Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991.

A experiencia continuada durante anos conseguindo beneficios e descontos de iniciativas privadas para os seus asociados debido a súa condición de familias numerosas e o seu elevado coñecemento da súa problemática supón que non se atope ningunha outra asociación que poida cumprir os obxectivos do convenio de xeito tan axeitado e eficiente.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

Considerando a favorable acollida das actuacións e dos beneficios que reporta ás familias numerosas, a Consellería de Política Social e Igualdade, no marco das medidas de impulso da familia que promociona a Dirección xeral competente en materia de familia, ten previsto establecer un marco de colaboración coa Asociación Galega de Familias Numerosas que ten por obxecto a captación de novas empresas que ofrezan vantaxes como medidas de apoio e axudas ás ditas familias. Estas actuacións propiciarán que as familias numerosas teñan un abano máis amplo de beneficios e descontos de empresas privadas aos que se poidan acoller.

En atención ao exposto, co fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.



- Datos económicos

A concesión da subvención comprenderá os gastos das actuacións a subvencionar dende o 1 de xaneiro de 2026 ao 30 de novembro de 2026. Ata 80% do total concedido poderase facer efectivo mediante pagamentos parciais á conta da liquidación definitiva na medida que a entidade xustifique os gastos e os pagos realizados. O 20% restante abonarase unha vez xustificada a realización da totalidade da actividade subvencionada.

O convenio financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria que se indica no seguinte cadro, na cal existe crédito adecuado e suficiente no orzamento a Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social e Igualdade para o ano 2026.

Aplicación orzamentaria	Ano 2026
08.02.312B.481.0	32.224,72€

O orzamento total de gastos do programa son os que se especifican no seguinte cadro:

GASTOS PERSOAL							
Nº trab.	Grupo	Categoría	Salario bruto	Seguridade Social	Custo traballador mes	Nº meses	Custo total
1	5	Oficial 2ª	1.753,06€	563,62	2.316,68	10	23.166,80 €
2	5	Oficial 2ª	1.832,77 €	589,23	2.422,00	10	24.220,00 €
3	5	Oficial 2ª	1.912,45€	617,71	2.530,16	6	15.180,96 €
TOTAL GASTOS PERSOAL							62.567,76 €
OUTROS GASTOS							
Concepto				Importe mensualidade	Nº mensualidades	Importe total	
Alugueiro oficina				1.600,00	10	16.000,00€	
Mantemento web				150	10	1.500,00€	
Aplicación Móbil " Plataforma familia numerosa"						743,00€	
Subministros (teléfono/luz)				180,00	6	1.080,00€	
Desprazamentos, reunións/ charlas						1.500,00€	
TOTAL OUTROS GASTOS							20.823,00€
CUSTO TOTAL DO PROGRAMA							83.390,76€

Resulta de aplicación ao persoal da entidade o convenio colectivo de oficinas e despachos da provincia da Coruña 2023/25 (Codigo 15001075011981)



O financiamento dos gastos é o seguinte:

GASTOS PERSOAL													TOTAL
Nº trab.	Grupo	Categoría	Nº meses imputados ao proxecto	Convenio Xunta	meses	%	0,7% IRPF	meses	%	Fondos propios	meses	%	Custo total
1	5	Oficial 2ª	10	9.266,72 €	8	50%				13.900,08 €	2	50%	23.166,80€
2	5	Oficial 2ª	10	9.688,00 €	8	50%				14.532,00 €	2	50%	24.220,00€
3	5	Oficial 2ª	6				7.492,36 €	3	100%	7.688,60 €	3	100%	15.180,96€
TOTAL GASTOS PERSOAL			62.567,76€	18.954,72 €			7.492,36 €			36.120,68 €			62.567,76€
OUTROS GASTOS													
Concepto				Convenio Xunta	meses	%	0,7% IRPF	meses	%	Fondos propios	meses	%	
Alugueiro oficina				12.000,00€	10	75%				4.000,00 €	10	25%	16.000,00€
Mantemento web				750,00 €	10	50%				750,00 €	10	50%	1.500,00 €
Subministracións (teléfono/luz)										1.080,00 €	6	100%	1.080,00 €
Aplicación móbil " plataforma familia numerosa"				520,00 €		70%				223,00 €		30%	743,00 €
Desprazamentos, reunións/ charlas										1.500,00 €			1.500,00 €
TOTAL OUTROS GASTOS				13.270,00 €						7.553,00€			20.823,00
CUSTO TOTAL PROGRAMA				32.224,72 €			7.492,36 €			43.673,68€			83.390,76 €

Consideraranse gastos obxecto de subvención aqueles que, de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada. O seguinte cadro reflicte a comparativa entre os gastos subvencionables con cargo ao convenio 2025, e os previstos para o ano 2026.



AGAFAN	2025	2026
Persoal	17.244,80€	18.954,72 €
Alugueiro oficina	9.959,60€	12.000,00 €
Mantenemento web		750,00 €
Aplicación Mobil "Plataforma Fam. Num"		520,00 €
TOTAL GASTOS	27.204,40€	32.224,72€
SUBVENCIONABLES		

O importe subvencionado no aon 2026 incrementouse con respecto ao ano 2025 tendo en conta que se incrementa o financiamento do persoal e subvenciónanse gastos correspondentes ao mantemento da web e unha aplicación móbil "plataforma familias numerosas", novo servizo que se presta ás familias numerosas e permite a consulta no móbil de noticias de actualidade sobor das familias numerosas mediante a súa descarga gratuíta .

- Fitos e obxectivos

As actuacións a desenvolver pola Asociación de Familias Numerosas (AGAFAN) no código de proxecto 2016-174 encádranse nos seguintes obxectivos recollidos no Plan Estratéxico de Galicia 2022/2030.

EIXE 1. O RETO DEMOGRÁFICO.

PRIORIDADE DE ACTUACIÓN PA02 - Mellorar a atención ao benestar e á calidade de vida das familias.

OBXECTIVO ESTRATÉXICO E01 - Garantir unha estrutura de servizos de atención das necesidades das familias para favorecer que as persoas poidan levar a cabo o seu proxecto familiar en Galicia así como ter o número de fillos e fillas que desexen, a través do desenvolvemento de actuacións integrais Impulsar políticas de conciliación para que a crianza dos fillos e fillas e o coidado de persoas dependentes non supoña unha eiva profesional, en especial para as mulleres.

OBXECTIVO OPERATIVO OO03 - programas de apoio ás familias e menores e favorecer as condicións necesarias para que as persoas menores poidan integrarse nunha familia ou desenvolver o seu propio proxecto de vida nas mellores condicións.

Os indicadores sinalados para este ano 2026 no dito proxecto 2016-174 "Programa de apoio ás familias" son:





MRR008- Actuacións de difusión e formación realizadas. 88

- Territorialización do gasto

O programa desenvólvese en toda a Comunidade Autónoma

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica

Jacobo Rey Sastre

